



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 30 DE MARZO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 13:35 horas do día 30 de marzo de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 29-03-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

Dña. Susana García Alvarez.
D. Alberto Escariz Couso.
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.
D. Pedro María Vázquez.
D. Benjamín Collazo.

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión de 16-03-2016

Apróbase o contido a acta da Mesa de Contratación celebrada o 16-03-2016.

b) Acta da sesión de 18-03-2016

Apróbase o contido a acta da Mesa de Contratación celebrada o 18-03-2016.

2.- Apertura de documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística "Vigo en Inglés 2016". (expediente 17468-332).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:29	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AF4D-EHCA84-D18BA2-UYLLPP-D5L8XQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Abriuse o sobre A "Documentación persoal" dos demais licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:

Admitir inicialmente no presente procedemento a New Link Education, S.L por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma.

3.- Apertura de documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística "Vigo en Inglés 2016". (expediente 17468-332).

En acto público abriuse o sobre B "Documentación técnica" da oferta presentada.

A oferta pasa a informe do xervizo xestor.

4.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).

Deixase pendiente este asunto ata unha nova sesión da Mesa de Contratación.

b) Procedemento negociado con publicidade para a contratación da explotación do servizo de cafetería e de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos no Parque das Ciencias de Vigo. (expediente 6603-12).

Faise entrega do informe do xefe do Director de Réxime Interior do Zoo de 09-03-2016 de ampliación de información.

c) Procedemento aberto para a contratación do procedemento aberto para a contratación do mantemento de instalacións de alumado público, tuneis, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo.(expediente 15857-444).

Faise entrega do informe do xefe dos servizos Enerxéticos e Electromecánicos de 21-03-2016 dos criterios de valorables mediante xuízo de valor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:29	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AF4D-EHCA84-D18BA2-UYLLPP-D5L8XQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

3-Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).

Deixase pendiente este asunto ata unha nova sesión da Mesa de Contratación.

b) Procedemento negociado con publicidade para a contratación da explotación do servizo de cafetería e de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos no Parque das Ciencias de Vigo. (expediente 6603-12).

Acéptase o informe do xefe do Director de Réxime Interior do Zoo de 09-03-2016 de ampliación de información.

c) Procedemento aberto para a contratación do procedemento aberto para a contratación do mantemento de instalacións de alumado público, tuneis, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo.(expediente 15857-444).

Rétirase o informe presentado a petición do servizo para mellorar a redacción do mesmo.

6.- Propostas de clasificación.

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación da explotación do servizo de cafetería e de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos no Parque das Ciencias de Vigo. (expediente 6603-12).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- - Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento negociado con publicidade para a contratación da explotación do servizo de cafetería e de máquinas expendedoras



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:29	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AF4D-EHCA84-D18BA2-UYLLPP-D5L8XQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de bebidas e sólidos no Parque das Ciencias de Vigo. (expediente 6603-12).” no seguinte orde decrecente:

Vigo Eventos, S.L. 94 puntos.

Pablo Vidal Rodríguez 67,39 puntos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Vigo Eventos, S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 11 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador para que especifique os 16 produtos especiais (sen gluten e sen lactosa) dos presentados na súa primeira oferta.

7.- Proposta de adjudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de procuradores para a representación do concello de Vigo perante distintos órganos xudiciais. (expediente 9408-111).

Deixase pendiente este asunto ata unha nova sesión da mesa.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 14:15 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:29	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AF4D-EHCA84-D18BA2-UYLLPP-D5L8XQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		